

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

ORDE do 3 de abril de 2017 pola que se modifica a Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, asígnalle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Así mesmo, no artigo 33.2 establécese que lle corresponde o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de seguridade social.

Mediante o Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais (Insero) da Seguridade Social, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as citadas funcións e servizos.

O Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, establece a competencia das comunidades autónomas con funcións transferidas na materia para o recoñecemento do grao de discapacidade, así como para a determinación da necesidade de axuda de terceira persoa e da dificultade para utilizar transportes públicos colectivos, para os efectos das prestacións, servizos ou beneficios públicos establecidos, e publicouse no ámbito autonómico o 23 de xaneiro de 2001 a Orde do 29 de decembro de 2000 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

O 11 de decembro de 2015 publícase a Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Esta norma ten por obxecto adaptarse aos últimos cambios normativos, garantir a máxima axilidade e eficacia nos procedementos de recoñecemento do grao de discapacidade, a coordinación efectiva das unidades dependentes da Xunta de Galicia, especialmente no referente á coordinación necesaria co procedemento para o recoñecemento do grao de dependencia, así como a implementación dos medios técnicos actuais de cara á implantación de escenarios de tramitación electrónica, co obxectivo de consolidar os dereitos das persoas con discapacidade.



Na data do 2 de agosto de 2016 publícase a Resolución do 22 de xullo pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de xullo de 2016 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Política Social. Nesta prevense, entre outros, postos de reforzo nas seccións de cualificación e valoración da discapacidade de Ferrol e Santiago de Compostela, pertencentes á Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Coruña, co obxectivo de seguir avanzando en garantir a máxima axilidade e eficacia nos procedementos de recoñecemento do grao de discapacidade, así como posibilitar a maior proximidade das unidades administrativas á cidadanía. Neste sentido, cómpre modificar as áreas xeográficas de atención das seccións da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social da Coruña, que se prevén no segundo punto do anexo V da Orde do 25 de novembro de 2015, redistribuíndo os concellos de cada área na provincia da Coruña co obxectivo de referencialos á sección de cualificación e valoración da discapacidade máis próxima en atención á súa capacidade de xestión coa nova relación de postos de traballo.

En consecuencia, en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; polo Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e polo Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social,

RESOLVO:

Artigo único. Modificación da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes

No anexo V da Orde do 25 de novembro de 2015, a epígrafe das áreas xeográficas de atención das seccións de cualificación e valoración de discapacidade da provincia da Coruña queda redactada como segue:

«Unidades administrativas competentes para a tramitación das solicitudes segundo as áreas de influencia:

Áreas xeográficas de atención das seccións de cualificación e valoración de discapacidades.



Provincia da Coruña

Sección de cualificación e valoración de discapacidades: A Coruña.

Enderezo: Edificio Administrativo, ala sur de Monelos, praza Luís Seoane, s/n, 15008 A Coruña.

Área xeográfica de atención:

Concellos:

Abegondo	Cerceda	Laracha (A)	Pino (O)
Aranga	Cesuras	Malpica de Bergantiños	Ponteceso
Arteixo	Coirós	Mazaricos	Sada
Arzúa	Corcubión	Melide	Santa Comba
Bergondo	Coristanco	Mesía	Santiso
Boimorto	Coruña (A)	Muros	Sobrado
Cabana de Bergantiños	Culleredo	Muxía	Toques
Camariñas	Curtis	Negreira	Tordoia
Cambre	Dumbría	Oleiros	Touro
Carballo	Fisterra	Ordes	Trazo
Carnota	Frades	Oroso	Val do Dubra
Carral	Irixoa	Outes	Vilasantar
Cee	Laxe	Oza dos Ríos	Vimianzo
			Zas

Oficina Integrada de Dependencia e Discapacidade: Ferrol.

Enderezo: Edificio Administrativo, praza Camilo José Cela, s/n, 3º andar, 15403 Ferrol.

Área xeográfica de atención:

Concellos:

Ares	Ferrol	Ortigueira
Betanzos	Mañón	Paderne
Cabanas	Miño	Pontedeume
Capela (A)	Moeche	Pontes de García Rodríguez (As)
Cariño	Monfero	San Sadurniño



Cedeira	Mugardos	Somozas (As)
Cerdido	Narón	Valdoviño
Fene	Neda	Vilarmaior

Oficina Integrada de Dependencia e Discapacidade: Santiago de Compostela.

Enderezo: praza de Europa, 10 A, 2º andar, Área Central, 15707 Santiago de Compostela.

Área xeográfica de atención:

Concellos:

Ames	Lousame	Ribeira
Baña (A)	Noia	Rois
Boiro	Padrón	Santiago de Compostela
Boqueixón	Pobra do Caramiñal (A)	Teo
Brión	Porto do Son	Vedra
Dodro	Rianxo	».

Disposición transitoria única. *Procedementos iniciados*

Os procedementos para o recoñecemento do grao de discapacidade iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta orde, mantendo a súa validez os trámites xa realizados conforme a normativa anterior, terán como referencia a área xeográfica asignada inicialmente. Unha vez finalizado o procedemento, a través da oportuna resolución administrativa, serán asignados á nova área xeográfica que lles corresponda segundo o disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial*

Autorízase a persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de discapacidade da Consellería de Política Social para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017

José Manuel Rey Varela
Conselleiro de Política Social

